

BASES PARA A SELECCIÓN DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS E SANITARIOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA DAS PRAIAS DO MUNICIPIO 2014.

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de socorristas e sanitarios para atender as necesidades propias da época estival.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada por obra ou servizo, prevista no art. 15 a) do Estatuto dos Traballadores.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS E DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será, por obra ou servizo, prevista no art. 15 a) do Estatuto dos Traballadores. Duración condicionada por as necesidades do servizo, a existencia de crédito e das axudas que poidan outras administracións conceder.

TERCEIRA.- RETRIBUCIÓNS

A retribución será a que fixe o vixente Orzamento Municipal do exercicio do ano actual (2014), incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e os complementos que se estimen conforme a lexislación laboral vixente. Non será inferior a 1001,63 euros brutos o mes por tódolos conceptos para un traballador a xornada completa. (Grupo equivalente a funcionario C2 e nivel CD12).

CUARTA.- SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Seleccionaranse ata un máximo de 60 aspirantes repartidos entre socorristas acuáticos e sanitarios, a selección farase por orde da puntuación acadada. A selección en canto os requisitos e procedemento selectivo, figura en cada base específica segundo o posto de traballo o que se opte.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS, DOCUMENTACIÓN E REQUISITOS.

Presentación de instancias:

As instancias irán dirixidas a Sra. Alcaldesa – Presidenta e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo dende o día 30 de maio de 2014 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas (excepto o sábado ata as 12 horas), **o prazo será ata o día 09 de xuño**. Nas instancias farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e nas específicas, achegando o modelo de instancia, debidamente cumprimentada e que se pode recoller no Concello ou na páxina web **(NON SE FARÁN COPIAS NO CONCELLO)**:

Documentos precisos para concorrer a selección:

- 1) Fotocopia do DNI.
- 2) Certificado médico oficial ou informe de saúde (ámbolos documentos ORIXINAIS) acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- 3) Currículo con fotografía recente, facendo constar os títulos, méritos e experiencia para cada posto.
- 4) Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases da convocatoria para cada praza antes da sinatura do correspondente contrato.
- 5) Documentación xustificativa que acredite o rexistro (ou solicitude) do aspirante no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (Decreto 104/2012, do 16 de marzo).
- 6) Copia do xustificante de ingreso da taxa de dereitos de exame, ou copia da tarxeta de demandante de emprego en vigor.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser español, dalgún dos estados membros da U.E. ou dalgún daqueles estados os que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola U.E. e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ou estranxeiro residindo en España coa documentación regulamentada para poder traballar.
2. Ter 18 anos e non exceder de aquela na que falten menos de 10 anos para a xubilación forzosa.
3. Estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente.
4. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións asignadas a praza convocada.
5. Figurar como socorrista no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (Decreto 104/2012, do 16 de marzo), ou ter cursada debidamente a solicitude.
6. Estar en condición de obtelo título esixido nas bases da convocatoria para cada praza antes da sinatura do correspondente contrato.
7. Ter ingresado na conta bancaria de Nova Galicia Banco nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 7, 73 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten copia da tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

SEXTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

A lista dos aspirantes admitidos e excluídos se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que remate o prazo de presentación de instancias. Aqueles aspirantes excluídos, terán de prazo ata a entrevista persoal para presentar a documentación que non tiñan entregada.

SÉTIMA.-CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

Realizarase na data seguinte:

18 de xuño de 2014.

Mañá:

Lugar – Pazo Emilia Pardo Bazán – Miraflores (Imprescindible presentación do DNI).

- 9:00 h. Exames teóricos (tódolos aspirantes).
- 10:30 h. Proba de RCP Básica aos aspirantes ao posto de sanitarios.

Lugar: Praia de Montalvo (Imprescindible presentación do DNI, e aletas para face-la proba física).

- 11:30 h. Probas Físicas, aos aspirantes a Socorristas Acuáticos.

Lugar – Pazo Emilia Pardo Bazán – Miraflores (Imprescindible presentación do DNI).

- 12:30 h. (OPCIONAL) Quenda de entrevistas curriculares segundo a relación que se comunicará previamente.

Tarde (de non dar tempo por a mañá)

Lugar – Pazo Emilia Pardo Bazán – Miraflores (Imprescindible presentación do DNI).

- 16:00 h. Segundo quenda de entrevistas curriculares segundo a relación que se comunicará previamente.

No caso de haber algún cambio comunicarse con antelación no taboleiro de anuncios e os interesados.

OITAVA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidente: Luís Ángel Sabariz Rolan, tesoureiro municipal do Concello de Sanxenxo.

Secretario: Celestino Otero Camiña, adxunto a intervención.

Vocal: Jesús López Rodríguez, Licenciado en Ciencias do Deporte. Funcionario de carreira da Xunta de Galicia.

Técnicos / asesores :

Carlos Granjel Dios. Técnico de emprego e persoal.

Jose Antonio Folgada González. Especialista en emerxencias / protección civil.

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes unha vez rematadas a probas selectivas e mediante a correspondente publicación da resolución coas listas definitivas de seleccionados, deberán presenta-la documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base quinta, apartado 4), o día seguinte da publicación da devandita resolución.

Sanxenxo a 28 de maio de 2014.

A alcaldesa,

Catalina González Bea.

(Base específica) PERSOAL SANITARIO

A selección realizarase por oposición. (Ver anexo I) , valorándose:

- Oposición: A puntuación máxima, corresponderalle a nota máxima, que é de 10 puntos.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba práctica, de non ser posible atenderase a puntuación obtida na entrevista. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

Valoración probas fase oposición:

- Exame: 50% - Máximo 5 puntos.
- Proba práctica: 30% - Máximo 3 puntos.
- Proba entrevista: 20% - Máximo 2 puntos.

Requisito: Ter algunha das titulacións seguintes.

- Licenciado en Medicina.
- Diplomado en Enfermería.
- Técnico Auxiliar de Enfermería.
- Técnico en Primeiros Auxilios

ANEXO I

1. Realización dun exame teórico tipo test de primeiros auxilios. Cada 4 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan, e/ou resolver un suposto práctico. A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 10, estando o aprobado nun 5. (O exame suporará un 50% da nota final da oposición)

Temario Primeiros Auxilios:

- Tema 1: Pautas xerais ante un accidentado
- Tema 2: Valoración dun accidentado.
- Tema 3: Reanimación cardio-pulmonar.
- Tema 4: Arterioesclerosis-aterosclerosis.
- Tema 5: Hemorragias.
- Tema 6: Feridas.
- Tema 7: Traumatismos e politraumatismos.
- Tema 8: Shock.
- Tema 9: Cadros convulsivos.
- Tema 10: Trastornos pola calor.
- Tema 11: Lesións e trastornos polo frío.
- Tema 12: Intoxicacións pola vía dixestiva.
- Tema 13: Picaduras e mordeduras.
- Tema 14: Intoxicacións por drogas.
- Tema 15: Transporte de accidentados.
- Tema 16: Asfixias.

2. Realización dun exame práctico de R.C.P. Básica. Protocolo actual do 2010 da European Resuscitation Council.

A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 10, estando o aprobado nun 5. (O exame suporará un 30% da nota final da oposición)

3. Realización de proba oral, consistirá na realización dunha entrevista curricular, a cal se irá provisto dos orixinais ou copias cotexadas dos títulos alegados. Consultarase dispoñibilidade dos traballadores, preferencias de postos, cuestións relativas ós currículos dos aspirantes.

A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 10, estando o aprobado nun 5. (O exame suporará un 20% da nota final da oposición).

A puntuación final da oposición será sobre un valor entre 0 e 10.

(Base específica) SOCORRISTAS ACUÁTICOS

A selección realizarase por oposición. (Ver anexo II) , valorándose:

- Oposición: A puntuación máxima, corresponderalle a nota máxima, que é de 10 puntos.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no fase de oposición, de non ser posible atenderase a puntuación obtida na fase de concurso. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

Valoración probas fase oposición:

- Exame: 50% - Máximo 5 puntos.
- Probas prácticas (físicas): 50% - Máximo 5 puntos.
- Proba entrevista (de carácter opcional), a decidir por o tribunal e no caso de empate: Apto / Non apto.

Requisitos específicos: Ter algunha das titulacións seguintes.

- Técnico medio de socorrismo en espazos naturais.
- Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios (FESS, FESSGA ou IDISSA).
- Socorrista Acuático da Cruz Bermella.
- Outros títulos en salvamento acuático.

ANEXO II

1. Realización dun exame tipo test e/ou un suposto práctico, tendo en conta o temario que se relaciona a continuación. A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 10, estando o aprobado nun 5.

Temario Primeiros Auxilios:

- Tema 1: Pautas xerais ante un accidentado.
- Tema 2: Valoración dun accidentado.
- Tema 3: Reanimación cardio-pulmonar.
- Tema 4: Arterioesclerosis-aterosclerosis.
- Tema 5: Hemorragias.
- Tema 6: Feridas.
- Tema 7: Traumatismos e politraumatismos.
- Tema 8: Shock.
- Tema 9: Cadros convulsivos.
- Tema 10: Trastornos pola calor.
- Tema 11: Lesións e trastornos polo frío.
- Tema 12: Intoxicacións pola vía dixestiva.
- Tema 13: Picaduras e mordeduras.
- Tema 14: Intoxicacións por drogas.
- Tema 15: Transporte de accidentados.
- Tema 16: Asfixias.

Temario Salvamento Acuático:

- Tema 1: Principios xerais do salvamento acuático.
- Tema 2: Secuencia de actuación no salvamento acuático.
- Tema 3: Técnicas de entrada na auga.
- Tema 4: Flotacións:
- Tema 5: Técnicas de nado adaptadas.
- Tema 6: O buceo.
- Tema 7: Técnicas de control e zafaduras.
- Tema 8: Técnicas de remolque directas.
- Tema 9: Técnicas de utilización do material de rescate.
- Tema 10: Técnicas para o rescate de accidentados de columna.
- Tema 11: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.
- Tema 12: Técnicas de extracción de accidentados.
- Tema 13: O salvamento acuático en espazos naturais.
- Tema 14: Comunicacións.

2. Realización dunha proba física, que terá unha valoración de 0 hasta 10 (suporá un 50% da nota final da oposición). A proba de mar, consistente en percorrer o seguinte:

PROBA

- 100 m. carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi).
- Entrada a auga e nado duns 200 m. co material de salvamento hasta unha boia (que haberá que dixer á dereita), onde haberá que pechar o flopi ao manequí antes de sobrepasar a segunda boia (que haberá que deixar a dereita), recorrer 200m. de nado co flopi pechado hasta a orilla.
- 100 m. carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi), e imprescindible chegar co material.
- * As distancias e utilización de maniqui variarán en función do estado da mar.
- O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

Tempo	Ptos*
1º clasificado/a	10
+0'16"	9
+0'32"	8
+0'48"	7
+1'04"	6
+1'20"	5
+1'36"	4
+1'52"	3
+2'08"	2
+2'24"	1
+2'40"	0

- *Para as mulleres a puntuación comezará co tempo do primeiro clasificado + 10%.*
- **Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.**

3. Realización de proba oral (de carácter opcional, a decidir por o tribunal) consistirá na realización dunha entrevista curricular, a cal se irá provisto dos orixinais ou copias cotexadas dos títulos alegados. Consultarase dispoñibilidade dos traballadores, preferencias de postos, cuestións relativas ós currículos dos aspirantes.

A puntuación final será Apto ou non apto.

A puntuación final da oposición será sobre un valor entre 0 e 10.

CONVOCATORIA

SOCORRISMO EN PRAIAS 2014

D/na. _____, maior de idade, con domicilio en _____, concello de _____, DNI _____ e teléfono _____, EXPOÑO:

Que se publicou no DIARIO DE PONTEVEDRA o día 30 de maio de 2014 a convocatoria de SOCORRISMO EN PRAIAS 2014, e por reunir o que subscribe todas e cada unha das circunstancias esixidas nas bases da convocatoria,

SOLICITO, ser admitido/a á selección de ditas prazas, para o cal achego os documentos que así especifican as bases, para a praza de:

Sanxenxo ____ de _____ de 2014.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SANXENXO

Os datos persoais recollidos incorporaranse e trataranse no ficheiro de opositores, a finalidade será a de xestión durante todo o proceso de oposición, e poderán ser cedidos de conformidade ca lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. Concello de Sanxenxo e o responsable do ficheiro ante o cal poderá exercer o seu dereito de acordo , rectificación, cancelación e oposición. Todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da lei orgánica 15/99, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.